



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Constitución Española nos seus artigos 148.1.6 e 149.20, o Estatuto de Autonomía para Galicia (Ley orgánica 1/1981, de 6 de Abril) no seu artigo 27.9 establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; ó mesmo tempo o Estatuto de Autonomía no artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza.

De acordo con estas previsións constitucionais e estatutarias por Real Decreto 3.214/1982, de 24 de Xullo efectuouse a correspondente transferencia en materia portuaria á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia, exerce as súas competencias portuarias a través dunha administración especializada constituída polo ente público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, de 29 de Novembro. O ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar constitúe unha entidade pública empresarial que xestiona os portos autonómicos en réxime de autosuficiencia financeira da explotación e regúlase pola lei 6/2017, de Portos de Galicia aprobada o 12 de decembro de 2017, que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E3	Competitividade e crecemento

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA04	Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

Á entidade pública empresarial Portos de Galicia correspóndelle o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo que ten adscritas e as súas futuras ampliacións, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico-deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos na contorna municipal e social dinamizando a actividade portuaria

e a cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación da man dos sectores implicados nos portos e o seu crecemento e diversificación, actuando sobre a base de criterios de eficiencia económica e sustentabilidade, buscando un equilibrio financeiro sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais como medida complementaria e, dentro das disponibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo isto para a consecución de servizos máis eficientes, buscando mellorar as condicións de traballo e de seguridade dos usuarios co obxectivo de contribuír á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e unha economía máis competitiva potenciando sectores produtivos como o pesqueiro o náutico-deportivo e o comercial e turístico.

Para isto, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a competitividade co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Toda esta xestión foi recollida na Lei 6/2017, de portos de Galicia, aprobada o 12 de decembro de 2017 e que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018. De esta maneira, a administración portuaria ten un novo marco regulador mais adaptado a realidade dos seus portos e das actividades que neles se fan.

A evolución dos ingresos en Portos de Galicia no ano 2021 foi positiva (18,4 M/€), superando valores anteriores a pandemia da Covid-19 (17,9 M/€) cun incremento da facturación do 16% sobre o ano anterior (15,9 M/€).

As previsións de peche deste ano 2022 indican unha certa estabilidade, aínda que puideran verse afectadas polas bonificacións nas taxas portuarias ao sector pesqueiro, co obxecto de paliar os efectos do incremento dos prezos dos combustibles derivadas da guerra en Ucraína.

Tendo en conta o anterior, as previsións para o próximo 2023 mantense sensiblemente en niveis de ingresos pre-covid (relativos ao 2019).

No sector da náutica deportiva, Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto coa Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte é cos operadores

privados tanto para, a promoción do deporte e o turismo náutico que mellore as cifras de negocio das instalacións náuticas, como para a modificación substancial dos títulos concesionais en aras de garantir a mellora e estabilidade das concesións.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante os derradeiros exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia fronte a crise económica a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2023 en:

- Afianzar os portos como centros de traballo cada vez máis seguros de forma que se favoreza a actividade económica intrínseca ao porto.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación dos portos en plataformas para a localización de novos procesos aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión paisaxística e ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a realización dos procesos dos servizos portuarios con eficiencia.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora paisaxe e a calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

- Consolidación de novos sistemas de xestión que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria, dotándoa dunha nova plataforma dixital e renovación do seu centro de proceso de datos.
- Afondar na mellora dos procesos administrativos internos.
- Consecución da Administración electrónica plenamente eficiente.

Como consecuencia destes eixos búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

E por outra banda, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas en que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma de grande imbricamento da malla urbana cos portos con incidencia na actividade económico-empresarial delas.

En particular, recóllese a posibilidade de ir dando forma e execución aos proxectos que vaian tendo rematada en 2023 a súa tramitación administrativa dependente doutras administracións. Neste senso, a disposición da contratación de servizos contratados para a redacción de estudos marítimos, ambientais, de patrimonio, de solo e estudos de alternativas, anteproxectos e proxectos construtivos para obras en portos permitirán ir dando resposta progresiva ás necesidades dos usuarios dos portos e que foron trasladadas polo sector ao ente público. Estas previsións, a acometer neste e en anos vindeiros, superan, entre dragaxes e melloras portuarias, as 80 accións. Con esta previsión, e tendo en conta que estes contratos de servizo dota de maior axilidade na tramitación dos traballos, poderanse ir acometendo, con previsións orzamentarias específicas ou xenéricas, as actuacións portuarias pertinentes.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2023	2024	2025
OE01	Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia	33.462.492	33.878.437	37.185.582
TOTAL		33.462.492	33.878.437	37.185.582

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
0006	Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca.	33.462.492	33.878.437	37.185.582
TOTAL		33.462.492	33.878.437	37.185.582

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
IR04	Presuposto destinado a investimentos portuarios	2.325,54	2.508,97	2.707,35	Número
IR05	Presuposto destinado a mantemento portuario	305,51	304,51	304,51	Número

De acordo co establecido no novo Plan Estratéxico para Galicia 2022-2030, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION, CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese o obxectivo estratéxico denominado OE01.. Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Os obxectivos operativos considerados no PEG 2022-2030 que afectan aos portos son os seguintes:

009 – Mellorar a coordinación entre os portos de titularidade estatal e autonómica.

010- Especializar a actividade realizada nos distintos portos.

011 – Reducir a pegada de carbono da actividade portuaria.

012 – Pór en marcha medidas que reduzan o impacto ambiental dos combustibles usados no transporte marítimo.

013 – Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.

014 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2023	CONCELLO
A PASAXE: REHABILITACIÓN E REFORZO DA ESTRUCTURA DE ATRAQUE DE TRANSBORDADORES	2.023	2.023	250.000	250.000	3605023
AGUIÑO: MELLORAS DE OPERATIVIDADE NO PORTO	2.022	2.025	387.452	13.790	1506073
ALDÁN: NOVOS DEPARTAMENTOS E REMODELACIÓN DA LONXA	2.023	2.024	1.000.000	200.000	3624008
APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	2.023	2.025	250.000	50.000	902
BUEU: AMPLIACIÓN NAVE DE REDES	2.022	2.023	85.995	65.995	3624004
BURELA: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO	2.023	2.024	965.000	165.000	2722902
CAMARIÑAS: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO	2.023	2.024	300.000	150.000	1547016
CAMPELO: AMPLIACION DA LONXA	2.022	2.023	496.633	296.633	3634041
CANGAS: AMPLIACIÓN DA NAVE DE REDES	2.023	2.024	700.000	15.000	3624008
CANGAS: AMPLIACIÓN DOS ATRAQUES DE PASAXE NO PORTO	2.022	2.023	542.630	142.630	3624008
CARIÑO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO	2.023	2.025	5.077.000	25.000	1530901
CELEIRO: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA EMBARCACIÓNS MENORES	2.023	2.023	461.192	461.192	2723066
CONVENIO C. MAR SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN EXT. (Ribadeo, Cariño, Brens-Cee)	2.023	2.023	250.000	250.000	900
CONVENIO CLUB REMO MOAÑA RENOVACIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS	2.023	2.023	84.000	84.000	3624029
CORCUBIÓ: REMODELACIÓN DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS	2.022	2.026	7.306.356	17.077	1518028
DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS NA ZONA NORTE	2.023	2.024	800.000	300.000	900
DOMAIO: AMPLIACIÓN DO PORTO DE DOMAIO	2.022	2.025	1.555.978	15.938	3624029
FISTERRA: REPOSICIÓN DE PAVIMENTO	2.022	2.023	250.000	200.000	1518037
LIQUIDACIÓNS FINAIS OBRAS	2.023	2.023	316.500	316.500	902
MALPICA: MELLORA DAS CONDICIÓNS DE OPERATIVIDADE NA DÁRSENA INTERIOR	2.022	2.025	865.634	25.776	1508043
MELOXO: REMODELACIÓN DO PORTO	2.022	2.026	3.618.053	45.555	3637022
MOAÑA: INSTALACIÓNS DE ATRAQUE PARA EMBARCACIÓNS DE ACUICULTURA EN MOAÑA	2.022	2.025	1.015.572	8.019	3624029
MOAÑA: REHABILITACIÓN E MELLORA DO PEIRAO MEXILOEIRO "	2.023	2.023	150.000	150.000	3624029
MORÁS: CONTRADIQUE, NOVA EXPLANADA E PANTALÁNS NO PORTO	2.023	2.026	3.001.210	28.000	2723025
MUROS: REPOSICIÓN DA CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.023	285.313	185.313	1527053
MUXÍA: DEPARTAMENTOS PARA EXPORTADORES	2.023	2.024	480.000	50.000	1518052
O BARQUEIRO: NOVO DIQUE FLOTANTE	2.023	2.023	82.482	82.482	1530044

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2023	CONCELLO
O GROVE: AMPLIACIÓN E MELLORA DA LONXA	2.023	2.024	420.000	30.000	3637022
OBRAS MENORES: Dotación de servizos	2.023	2.025	3.055.709	1.055.709	902
OUTRO INMOBILIZADO	2.023	2.025	260.000	50.000	902
OUTROS SERVIZOS (A.Técnicas Infraestruturas)	2.023	2.025	900.000	300.000	902
PALMEIRA: MELLORA DA MOVILIDADE E A ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO PORTO	2.022	2.023	618.904	468.904	1506073
PLATAFORMA DIXITAL	2.023	2.025	3.900.000	1.300.000	902
PORTO DO SON: ACONDICIONAMENTO DA LONXA E O EDIFICIO DA COFRADIA	2.022	2.023	160.000	110.000	1528071
PORTO DO SON: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.023	2.024	750.000	250.000	1528071
PORTO DO SON: NOVA NAVE DE REDES	2.023	2.023	370.000	370.000	1528071
PORTOCUBELO: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.023	2.023	256.209	256.209	1527020
PORTOSÍN: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.023	150.000	100.000	1528071
PORTOSÍN: MELLORA DE ABRIGO E AMPLIACIÓN DE ATRAQUES	2.023	2.024	1.570.000	170.000	1528071
RAXÓ: ORDENACIÓN DE USOS NO VIAL DE ACCESO AO PORTO DE RAXÓ	2.023	2.023	527.981	527.981	3634041
REDACCIÓN DE ESTUDOS AMBIENTAIS E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE DRAGAXE	2.021	2.023	696.392	213.063	902
SAN ADRIÁN DE COBRES: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ATRAQUE	2.022	2.025	1.229.400	14.500	3634058
SAN CIBRAO: ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES	2.023	2.023	150.000	150.000	2723013
SANTA CRISTINA: REMODELACIÓN DO PORTO	2.022	2.025	798.511	15.938	3634058
SANXENXO: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.023	2.023	150.000	150.000	3637051
SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE, NA FASE DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E NA DE EXECUCIÓN DE OBRA	2.021	2.023	220.526	55.132	902
SERVIZO DE REDACCIÓN DE ESTUDOS E PROXECTOS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS.	2.021	2.023	1.932.012	891.070	902
SS.CC: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO NOVO CPD.	2.023	2.023	155.000	155.000	900
SSCC: MELLORA DE MEDIOS DE AMARRE E DEFENSAS EN DIVERSOS PORTOS DA ZONA NORTE, CENTRO E SUR	2.022	2.023	1.506.833	1.106.833	900
SSCC: TRABALLOS DE MANTENIMENTO, REPARACIÓN E PEQUENA INVERSIÓN DAS INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS	2.022	2.024	1.528.000	764.000	902
TRAGOVE: AMPLIACIÓN DA LONXA	2.023	2.024	943.732	600.000	3637006

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2023	CONCELLO
VARIOS: RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE PANTALÁNS PARA MELLORA DA SEGURIDADE EN VARIAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS	2.022	2.023	1.005.411	955.411	902
VARIOS: NOVAS CAPAS DE PAVIMENTOS E RENOVACIÓN DE FIRMES ESGOTADOS NOS PORTOS AUTONÓMICOS	2.022	2.023	750.000	500.000	902
VARIOS: SINIALIZACIÓN MARÍTIMA DOS POLÍGONOS DE BATEAS-RÍA DE MUROS E NOIA	2.022	2.023	70.000	40.000	900
VILANOVA DE AROUSA: REMODELACIÓN DO CONTRADIQUE	2.022	2.025	378.378	8.471	3634058
VIVEIRO-CELEIRO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO	2.023	2.024	825.000	25.000	900
ZONA CENTRO: REMODELACIÓN E MELLORA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN VARIOS PORTOS	2.023	2.025	1.500.000	300.000	900
		TOTAL	57.354.998	14.527.121	

Para dar resposta ás necesidades ligadas aos obxectivos de mellora da seguridade, operatividade e mellora das condicións de traballo nos portos, recóllese actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución.

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai dirixido a través das seguintes liñas:

1.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.

Actuacións tendentes ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística, distribución, e reparación.

Só redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendemento levando a un maior desenvolvemento da contorna máis próxima e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

3.- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medio ambiental das instalacións portuarias.

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolver a industria auxiliar correspondente.

Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

4.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais.

Deste xeito inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como na superficie portuaria.

Así mesmo, para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.

5.- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
NON TERRITORIZABLE	5.894.687	13.040.686	14.527.120
TOTAL	5.894.687	13.040.686	14.527.120

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2023	2024	2025
OUTROS INGRESOS	160.000	165.000	165.000
PRESTACIÓN DE SERVICIOS PORTUARIOS	14.233.000	14.233.000	14.233.000
SERVIZOS PROFESIONAIS	388.614	434.893	546.057
UTILIZACIÓN PRIVATIVA, OCUP. DOM. PÚBLICO	2.800.000	2.800.000	2.800.000
TOTAL	17.581.614	17.632.893	17.744.057

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2023, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2022 senón tamén os resultados reais do exercicio 2021, a evolución das diferentes taxas e canons portuarios nos nove primeiros meses do ano 2022 así como os cambios previstos na Lei 6/2003 de Taxas e Prezos para o ano 2023.

As previsións de peche da facturación para este ano 2022 indican unha certa estabilidade, aínda que puideran verse afectados polas bonificacións nas taxas portuarias ao sector pesqueiro, co obxecto de paliar os efectos do incremento dos prezos dos combustibles derivadas da guerra en Ucraína.

A estimación dos ingresos de explotación (ingresos correntes ou de xestión ordinaria) para o vindeiro 2023 acadan a cifra total de 17.581.614 € (18.368.702 € peche ano 2021), o que representa unha baixada da facturación do 4,3 % respecto do peche do ano 2021.

Dentro deste epígrafe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos, as taxas por actividades comerciais e industriais, e as concesións e autorizacións por ocupacións privativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia e distribúense de acordo co seguinte detalle:

I. Ingresos procedentes das taxas administrativas por "servizos profesionais de dirección técnica de obras". Estímase a cifra de 388.614 € cifra esta vinculada a execución do programa de investimentos.

2 Ingresos por “prestación de servizos portuarios”, recolle as taxas do tráfico comercial, pesca fresca, embarcacións deportivas e de lecer, almacenaxe, subministrados e servizos diversos así como a taxa de actividades comerciais, industriais e de servizos. As previsións de facturación desde epígrafe ascenden a cifra de 14.233.000 € (15.024.629 € en 2021) o que representa unha baixada do 5,3% respecto da facturación real do ano 2021.

3 Ingresos pola “utilización privativa e ocupación dominio público portuario” correspondentes aos canons cobrados polas concesións e autorizacións outorgadas. A previsión para o ano 2023 acada a cifra de 2.800.000 € (2.883.489 € en 2021), cifra que baixa no 3% respecto da facturación do ano 2021.

4 “Outros ingresos”, estímase a cifra de 160.000 € correspondentes a sancións, xuros, reclamacións patrimoniais, etc., que se mantén nas mesmas cifras que no ano 2021.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Consellería do Mar			40.136
TOTAL	0	0	40.136

Para o próximo ano 2023 está previsto recibir a axuda concedida pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social por importe de 40.136 €, correspondente ao programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, na modalidade de contrato en prácticas.

Transferencias e subvencións (Ingresos a distribuír en varios exercicios)

Por outra banda, a cifra estimada a contabilizar na conta de resultados na rúbrica de Transferencias e subvencións de capital ascende a 12.638.422 €, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio (non orzamentario), trátase dunha cifra estimada a partires das cifras de peche do exercicio 2021 que inclúe o importe dos ingresos a distribuír dos bens adscritos (1.585.366 €) por parte da Comunidade Autónoma.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Nº Empregados	117	116	123
Custo Total	4.715.972,8	5.444.044,98	5.894.686,68
Custo Medio	40.307,46	46.931,42	47.924,28

A dotación económica para o vindeiro ano 2023 ascende á cifra de 5.894.687 € e dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 123 traballadores. Inclúe os gastos de formación e vixilancia da saúde, os custes para a contratación do persoal do

programa de primeira experiencia na administración así como a previsión do incremento salarial segundo acordo establecido coas organizacións sindicais.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
ARRENDAMENTOS E CÁNONES	112.099	118.379	120.728	120.728	120.728
COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS	4.993.419	6.128.998	5.737.487	5.737.487	5.737.487
PRIMAS DE SEGUROS	75.806	24.556	78.056	78.056	78.056
PUBLICIDADE/ INFORMACIÓN DIVULGACIÓN	105.772	151.724	155.000	155.000	155.000
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS	2.303.894	2.760.035	4.343.532	4.343.532	4.343.532
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	96.616	58.988	82.600	82.600	82.600
SUBMINISTROS	2.480.389	2.800.459	2.311.020	2.270.884	2.270.884
TOTAL	10.167.995	12.043.139	12.828.423	12.788.287	12.788.287

A previsión de gasto neste capítulo para o vindeiro 2023 acada a cifra de 12.828.423 € (10.167.995 € ano 2021), o que representa unha subida do 26,2 % respecto do gasto executado no ano 2021, debido fundamentalmente ao incremento das partidas reparacións e conservación, e comunicacións e outros servizos que inclúe asistencia técnica, seguridade e vixilancia e subministros de enerxía eléctrica así como a limpeza dos portos.

Os servizos exteriores dan cobertura aos gastos de funcionamento da entidade que inclúe as partidas de arrendamentos, reparacións e conservación, material subministros e outros servizos.

Neste capítulo destacan como contratos máis importantes polo seu peso económico e de xestión os seguintes:

-Contrato de servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos (182.034 €).

-Contrato de mantemento, reparación e pequena inversión das infraestruturas portuarias (1.546.000 €).

- Previsións actuacións en dragaxes de mantemento nos portos (2.250.000 €)

-Contrato do servizo de limpeza nos portos e instalacións portuarias (3.622.546 €).

-Servizo de recollida de refugallos MARPOL (196.000 €).

-Servizo de xestión externa de practicaxe (242.173 €).

-Servizo de seguridade e vixilancia nos portos PBIP (668.308 €).

-Outros servizos externos de xestión que inclúe estudos e traballos técnicos (550.000 €), e servizos informáticos (230.000 €).

Por último no epígrafe de tributos estímase unha previsión de 212.000 € para pago do imposto de bens inmobles (IBI) correspondentes aos bens recibidos en adscrición por parte da Xunta de Galicia.

Provisións para insolvencias

Segundo a evolución dos saldos debedores e tendo en conta a antigüidade da débeda, considérase de moi difícil ou imposible recadación os saldos pendentes de cobro con antigüidade superior a catro anos, polo que se provisional ao 100%; aplicándose tamén para o exercicio 2021 unha porcentaxe global do 1,46%, correspondente a media de dos porcentaxes impagados obtidos da serie histórica 1997-2017.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
DOTACIÓNS (INMOB. BENS ASCRITOS)	1.585.366	1.585.366	1.585.366
DOTACIÓNS (INMOB. BENS PROPIOS)	2.323.261	2.225.523	2.323.261
DOTACIÓNS (INMOB. SUXEITO A SUBVENCIONS)	11.053.055	10.866.946	11.053.055
TOTAL	14.961.682	14.677.835	14.961.682

A estimación das dotacións para amortizacións acadan os 14.961.683 €, dos cales a cifra de 12.638.422 € reflíctense como ingresos a distribuír en varios exercicios na conta de subvencións de capital traspasadas ao resultado.

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
	125.521		
TOTAL	125.521	0	0

1.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Subvencións de Capital Recibidas da CA	8.385.247	10.351.448	6.000.000
TOTAL	8.385.247	10.351.448	6.000.000

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Mar, procedentes dos fondos da Comunidade Autónoma, cun importe previsto para o ano 2023 de 6.000.000 €, que se aplicarán no financiamento dos investimentos recollidos no PAIF 2023.

Achegas patrimoniais

APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Aportacións de Recursos Propios da C.A.	2.400.000		
TOTAL	2.400.000	0	0

Financiamento alleo a longo prazo

○ Ente non mantén ningún tipo de endebedamento externo en canto a Préstamos e Créditos se refire.

Remanente de Tesourería

	2021	2022
1. Fondos líquidos	1.784.931	1.784.931
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	28.893.649	26.315.731
Do orzamento corrente	20.919.665	16.493.019
De orzamentos pechados	5.476.619	7.325.347
De operacións non orzamentarias	2.497.365	2.497.365
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	5.108.367	5.108.367
Do orzamento corrente	3.983.977	3.983.977
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	1.124.390	1.124.390
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	58.907	58.907
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	4.593	4.593
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	63.500	63.500
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	25.629.120	23.051.202
II. Exceso de financiamento afectado	5.067.635	9.840.742
III. Saldos de dubidoso cobro	6.054.025	6.331.466
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	14.507.460	6.878.994

○ Saldo do estado de remanente de tesourería de libre disposición ao peche do exercicio 2021 acada os 14.507.459€.

A previsión de peche para o exercicio 2022 do remanente de tesourería total, estímase na cifra de 16.719.736 €, quedando afectado en 9.840.742 € que se aplicarán no financiamento do programa de investimentos do ano 2023, obtendo un saldo de libre disposición de 6.878.994 €.

○ Remanente de tesourería constitúe unha fonte de liquidez que permite facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento sen esperar ao cobro dos dereitos tanto orzamen-

tarios como non orzamentarios, constituíndo así un fondo de manobra necesario para o equilibrio económico-financeiro do Ente Público.

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
CONSTRUCCIÓNS E INTALACIÓNS PORTUARIAS	9.835.831	14.568.845	12.972.120
OUTRO INMOBILIZADO	529.080	1.138.899	1.555.000
TOTAL	10.364.911	15.707.744	14.527.120

○ capítulo de Investimentos reais comprende os gastos de capital a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos (maquinaria, elementos de transporte, moblaxe e equipos informáticos).

○ orzamento previsto para a anualidade 2023 acada a cifra de: 14.527.120 €

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tal e como se recolle no estado de fluxos de efectivo, os ingresos por prestación de servizos portuarios (17.581.614 €), xunto coas transferencias e subvencións recibidas (6.040.136 €), e xunto cos recursos propios (remanentes de tesourería) xerados pola xestión ordinaria de exercicios anteriores (9.840.742 €), constitúen o financiamento dos gastos orzamentarios correntes ou de explotación (18.935.372 €) así como os de capital que se recollen no programa de investimentos. (14.527.120 €).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Inmobilizado		239.502	240.248	239.813
I. Invetimentos destinados ao uso xeral				
1. Terreos e bens naturais				
2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral				
3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural				
II. Inmovilizacións inmateriais	797	1.101	2.377	
1. Gastos de Investigación e desenvolvemento				
2. Propiedade industrial	3	3	3	
3. Aplicacións informáticas	1.389	1.443	2.793	
4. Propiedade intelectual				
5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro				
6. Inmobilizado inmaterial	3.244	3.567	3.567	
7. Amortizacións	-3.839	-3.913	-3.986	
III. Inmovilizacións materiais	238.705	239.147	237.437	
1. Terreos e construcións	555.642	570.210	583.182	
2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	2.362	2.362	2.362	
3. Mobiliario	1.892	2.554	2.554	
4. Outro inmovilizado	2.014	2.114	2.319	
5. Amortizacións	-323.205	-338.093	-352.981	
IV. Invetimentos xestionados				
V. Inmovilizacións financieras				
1. Carteira de valores a longo prazo				
2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo				
3. Depósitos e fianzas constituídos a LP				
4. Provisións				
B) Gastos a distribuír en varios exercicios				
C) Activo circulante	24.688	21.833	15.881	
I. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso e semiterminados				
4. Productos terminados				
4. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Provisións				
II. Debedores	22.894	20.038	14.087	
1. Debedores orzamentarios	26.396	23.818	18.144	
2. Debedores non orzamentarios	1.993	1.993	1.993	
3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administracións públicas	495	495	495	
5. Debedores varios	64	64	64	
6. Provisións	-6.054	-6.331	-6.609	
III. Invetimentos financeiros temporais	9	9	9	
1. Carteira de valores a curto prazo				
2. Outros invetimentos e créditos curto prazo				
3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	9	9	9	
4. Provisións				
IV. Tesourería	1.785	1.785	1.785	
V. Axustes por periodificación				
TOTAL XERAL (A + B + C) ...	264.190	262.081	255.695	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Fondos propios		258.957	256.848	249.466
I. Patrimonio		288.704	289.587	286.120
1. Patrimonio		2.400	2.400	2.400
2. Patrimonio recibido en adscrición		291.181	292.065	288.597
3. Patrimonio recibido en cesión				
4. Patrimonio entregado en adscrición				
5. Patrimonio entregado en cesión				
6. Patrimonio entregado ao uso xeral		-4.877	-4.877	-4.877
II. Reservas				
III. Resultados de exercicios anteriores		-28.595	-29.747	-32.740
1. Resultados positivos de exercicios anteriores		2.819	2.819	2.819
2. Resultados negativos de exercicios anteriores		-31.414	-32.566	-35.559
IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)		-1.152	-2.993	-3.914
B) Provisións para riscos e gastos				
C) Acredores a longo prazo		120	120	120
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos				
2. Débedas representadas en valores negociables				
3. Xuros de obrigas e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Outras débedas a longo prazo		120	120	120
1. Débedas con entidades de crédito				
2. Outras débedas				
3. Débedas en moeda estranxeira				
4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo		120	120	120
III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos				
D) Acredores a curto prazo		5.113	5.113	6.109
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos a curto prazo				
2. Débedas representadas noutros valores negociables				
3. Xuros de obrigacións e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Débedas con entidades de crédito				
1. Préstamos e outras débedas				
2. Débedas por xuros				
III. Acredores		5.113	5.113	6.109
1. Acredores orzamentarios		3.984	3.984	4.980
2. Acredores non orzamentarios		313	313	313
3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administracións Públicas		811	811	811
5. Outros acredores				
6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo		5	5	5
IV. Axustes por periodificación				
TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...		264.190	262.081	255.695

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	1. Redución de existencias de productos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aproveisionamentos			
	a. Consumo de mercadorías			
	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	30.336	32.961	34.174
	a. Gastos de persoal	4.713	5.388	5.837
	a.1) Soldos e Salarios	3.703	4.100	4.503
	a.2) Cargas sociais	1.010	1.288	1.334
	b. Prestacións sociais	3	56	58
	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	14.962	14.962	14.962
	c.1 de inmovilizado inmaterial	51	74	74
	c.2 de inmovilizado material	14.911	14.888	14.888
	d. Variacións das provisións de tráfico	277	277	277
	d.1 Variacións das provisións de existencias			
	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	277	277	277
	e. Outros gastos de xestión	10.380	12.277	13.041
	e.1 Servizos exteriores	10.168	12.043	12.828
	e.2. Tributos	212	234	212
	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados			
	f.1 Por débedas			
	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	126		
	a. Transferencias correntes	126		
	b. Subvencións correntes			
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	113		
	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
	b. Perdas por operacións de endebedamento			
	c. Gastos extraordinarios			
	d. Gastos e perdas doutros exercicios	113		
	TOTAL GASTOS	30.574	32.961	34.174
	AFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	1. Ventas e prestacións de servizos			
	a. Ventas			
	b. Prestacións de servizos			
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	18.369	17.329	17.582
	a. Ingresos tributarios	18.209	17.239	17.422
	b. Reintegros			
	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	160	90	160
	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	160	90	160
	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
	e. Ingresos de participacións en capital			
	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados			
	g.1 Outros xuros			
	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	11.053	12.638	12.679
	a. Transferencias correntes			
	b. Subvencións correntes			40
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital	11.053	12.638	12.638
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios			
	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
	c. Ingresos extraordinarios			
	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	29.422	29.968	30.260
	DESAFORRO	1.152	2.993	3.914

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario EP.04

PORTOS DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	26.754	27.681	23.622
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais			
2. Transferencias e subvencións recibidas	8.385	10.351	6.040
3. Vendas netas e prestacións de servizos	18.369	17.329	17.582
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados			
6. Outros cobramentos			
B) Pagamentos:	15.222	17.721	18.935
1. Gastos de persoal	4.716	5.444	5.895
2. Transferencias e subvencións concedidas	126		
3. Aprovisionamentos			
4. Outros gastos de xestión	10.381	12.277	13.041
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados			
7. Outros pagamentos			
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	11.532	9.959	4.686
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	10.365	15.708	14.527
1. Compra de investimentos reais	10.365	15.708	14.527
2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento			
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-10.365	-15.708	-14.527
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO	-10.365	-15.708	-14.527
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓN DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	1.167	-5.749	-9.841
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			

